

DECLARACIÓN RESPONSABLE E MEMORIA

COMISIÓN DE FESTAS

1.- DATOS XERAIS.

Don/a con DNI. con domicilio en como representante e responsable da organización das festas a celebrar enorganizadas pola comisión de festas/asociación

O/a arriba asinante actúa en representación da razón social con CIF.....con domicilio en na súa calidade de acreditando dita representación coa seguinte documentación:

Enderezo para notificación electrónica:

A declaración responsable deberá ser presentada xunto coa documentación completa cun mínimo de 15 días hábiles antes da celebración do evento/instalación considerándose que quedará sen efecto a súa presentación se non se respecta este prazo de tempo.

| | | |
|-----|--|--|
| Día | Horario | |
| | Actividade | |
| | Lugar | |
| | Descrición das instalacións: chiringuitos, orquestras, dúos, carpas, atraccións de feira,.... | |
| Día | Horario | |
| | Actividade | |
| | Lugar | |
| | Descrición das instalacións: chiringuitos, orquestras, dúos, carpas, atraccións de feira,.... | |
| Día | Horario | |
| | Actividade | |
| | Lugar | |
| | Descrición das instalacións: chiringuitos, orquestras, dúos, carpas, atraccións de feira,.... | |



CONCELLO DE

CALDAS DE REIS**2.- EMPRAZAMENTO (Referencia Catastral):** _____.

Propietario: _____.

A actividade levarase a cabo en espazos:

- Abertos ó aire libre e cunha asistencia prevista superior/ non superior a 20.000 persoas.
 Pechados cun aforo previsto superior/ non superior a 2.000 persoas.
 Pechados cun aforo previsto superior/ non superior a 2.500 persoas.

| | |
|-----------------------------|--|
| CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE | |
| Nome da vía | |
| Vía de sentido | |
| Ancho da vía* | |
| Obstáculos | |
| VÍAS DE ACCESO 02 | |
| CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE | |
| Nome da vía | |
| Vía de sentido | |
| Ancho da vía* | |
| Obstáculos | |
| VÍAS DE ACCESO 03 | |
| CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE | |
| Nome da vía | |
| Vía de sentido | |
| Ancho da vía* | |
| Obstáculos | |

**Nota: As vías de acceso á festa deben garantir o paso libre de vehículos de emerxencia, deben ter un ancho mínimo de vial de 4m.*

| | | |
|--------------------|------------------------|--------------|
| APARCAMENTO | | |
| METROS CADRADOS | ANCHO VÍAS COLINDANTES | ANCHO ACCESO |
| | | |

**Nota: O aparcamento debe ter pasos diferentes para peóns e para vehículos.*

| | | |
|------------------------------------|-----------------------|----------------|
| CALCULO AFORO | | |
| HABITANTES DO LUGAR E DA PARROQUIA | AFORO ANOS ANTERIORES | AFORO PREVISTO |
| | | |

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



CONCELLO DE

CALDAS DE REIS

| SAÍDAS DO CAMPO DA FESTA | | |
|---------------------------------|---|------------------|
| Nº DE SAÍDAS | LONXITUDE ATA A SAÍDA DENDE O PUNTO MÁIS AFASTADO Á MESMA | ANCHO DAS SAÍDAS |
| | | |

Nota: Despois da verbena deberase programar unha limpeza do lugar de celebración así como dos arredores para evitar a degradación do medio circundante.

| PROTECCIÓN DE INCENDIOS | |
|----------------------------------|--|
| Número de extintores portátiles | |
| Capacidade en litros de cisterna | |

| RUIDOS | | |
|---------------|-------------|---|
| SITUACIÓN | Zona Rural | Edificacións especiais que se poidan ver afectadas: |
| | Zona Urbana | |

3- ENERXÍA ELÉCTRICA.

- Acometida á rede xeral.
- Xenerador eléctrico.
- Pequeno xenerador.

4- EMERXENCIAS.

TELÉFONOS DE URXENCIA

| | |
|--------------|-----|
| EMERXENCIAS | 112 |
| ORGANIZACIÓN | |

VÍAS DE ACCESO ÓS SERVIZOS DE URXENCIA

.....

.....

.....

.....

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

INSTALACIÓNS:

- PALCOS.
- ESCENARIO MÓVIL.
- BAR.
- ATRACCIÓNS DE FEIRA.
- INCHABLES.
- XENERADOR ELÉCTRICO.
- OUTROS. _____.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA XUNTO COA DECLARACIÓN:

- Plano de situación (sixpac, Oficina Virtual de Catastro, ...).
- Plano de colocación de chiringuitos, orquestras, atraccións, etc.
- Copia do seguro de Responsabilidade Civil do/a asinante (póliza e recibo en vigor).
- Fotografías do lugar.
- Cartel anunciador.
- Autorización do titular do emprazamento.
- Plan de autoprotección no caso de superar os límites de aforo previstos declarados no apartado 2.
- Boletín de Instalación Eléctrica no caso de acometida á rede xeral.

O/a abaixo asinante declara:

Ser certos os datos aportados e orixinais ou copia dos mesmos da documentación que se achega, e que se compromete a cumprir coas especificacións anteriormente descritas para dar cumprimento así a Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento de competitividade de Galicia así como o establecido na Lei 10/217, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, ou calquera outra que lle sexa de aplicación contando para elo coa documentación que así o acredita, que a poñerá á disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o tempo inherente ó exercizo.

Do mesmo xeito comprométese a cumprir con outras autorizacións e requisitos que sexan necesarias tales como realización de pagos á Sociedade Xeral de Autores, alta na Seguridade Social e estar ó corrente de pago do persoal participante na actividade, formación no seu caso, en manipulación de alimentos nos postos que así o requiran, lexislación sobre bebidas alcohólicas, cumprimento de horarios ou calquera outro requisito ou autorización que por normativa sectorial se requira.

Comprometerse a que por parte das diferentes instalacións descritas nesta declaración se presente en prazo e forma e a documentación requirida para a súa instalación e funcionamento e a que se este feito non fose levado a cabo a non realización de ditas instalacións.

INFORMACIÓN RELEVANTE DO PROCEDEMENTO.

A declaración responsable presentada cumprindo con tódolos requisitos constitúe un acto xurídico particular que habilita para o inicio da actividade ou faculta para a apertura do establecemento, e de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación e faculta á Administración Pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

A declaración non constitúe unha autorización administrativa tácita, senón unicamente a transmisión

da información correspondente para efectos do coñecemento municipal e de posibilitar a intervención mediante control posterior, sen prexuízo das facultades de inspección ordinaria. A actividade/instalación comunicada poderá ser inspeccionada durante todo o tempo en que se leve a cabo.

A declaración presentada produce efectos entre a persoa/entidade titular da actividade ou instalación e o Concello, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. En ningún caso altera as situacións xurídicas privadas entre aquela e as demais persoas.

O incumprimento das condicións da declaración ou dos requisitos legais da actividade será causa de ineficacia e habilitará ó Concello para a súa declaración logo de audiencia ó interesado/a.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore á declaración suporá, logo da audiencia ó interesado/a, a declaración de ineficacia da declaración efectuada e impide o exercizo do dereito da actividade ou instalación afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que poida proceder impoñer a tales feitos.

A resolución administrativa que constata estas circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ó momento previo ó recoñecemento ou ó exercizo do dereito ó inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses e un ano.

Quen exerza a titularidade das actividades/instalacións deberá:

- Garantir que se manterán as mesmas condicións que se tiñan cando estas foron iniciadas, así tamén como adaptarse ás novas condicións que posteriores normativas establezan.

- Comunicar ó órgano competente, cando se produza, calquera cambio relativo nas condicións ou as características da actividade ou da instalación.

- Será, en todo caso, necesaria unha nova declaración nos casos de modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais ou instalacións ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.

- Unha copia selada da presente declaración deberá de estar a disposición e exhibila en caso de que o requira a autoridade competente.

LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 15/ 1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal vostede queda informado e acepta expresamente que os seus datos persoais e aqueles outros que facilite no futuro, sexan incluídos nos seguintes ficheiros automatizado/s (e/ou correlativo/s expediente/s en papel) titularidade do CONCELLO DE CALDAS DE REIS:

Ficheiro denominado Información e Rexistro, cúa finalidade é atender as demandas de información, xestión e control de rexistros administrativos.

Vostede garante e responde, en calquera caso, da exactitude, vixencia, autenticidade dos datos persoais facilitados, propios ou de terceiras persoas así como de haber informado e recabado, no seu caso, o seu preceptivo consentimento de acordo coa normativa de protección de datos e se compromete a mantelos debidamente actualizados, comunicando calquera modificación que se produza nos mesmos. En consecuencia, responderá única e exclusivamente vostede de calquera infracción tipificada na normativa de protección de datos de carácter persoal derivada do seu incumprimento respecto ó disposto no presente párrafo.

Estes datos poderán ser comunicados a terceiros sen o consentemento do titular dos mesmos sempre que esta comunicación responda a unha necesidade para o desenrolo, cumprimento e control da relación administrativa.

En concreto vostede autoriza a súa cesión a outras Administracións Públicas para a xestión do Pórtelo Único. Advírteselle que poderá opoñerse en calquera momento a que os seus datos sexan obxecto de algúns dos tratamentos anteriormente mencionados, sen embargo, a negativa a facilitar determinados datos, poderá impedir o correcto desenrolo da relación administrativa, negocial ou laboral.

Finalmente infórmase que poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación mediante notificación escrita ó Concello de Caldas de Reis dirixida á seguinte dirección: Rúa Ferrería, nº 1, C.P. 36.650, Caldas de Reis, Pontevedra, asimesmo pode solicitar os formularios que este Concello dispón ó efecto.

Caldas de Reis, de de 20.....

Asinado.